



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PARLAMENTO DE GALICIA
O DÍA 5 DE DECEMBRO DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se crea o Centro Social de Cangas

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Emerxencias

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto polo que se crea a Xunta Consultiva de Contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a súa composición e funcións

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a realización de programas de apoio a familias en situacións especiais
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a realización de programas para o desenvolvemento de servizos de atención á primeira infancia (cero-tres anos)

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores e a Honorable Alcaldía Municipal de Toro Toro, Bolivia, para a execución dun proxecto



denominado 'Construción de dous bloques (artesanal e social) no *Centro Integral para el Desarrollo de la Mujer* en Toro Toro, Bolivia

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e a Sociedad Cubana para la promoción de fuentes renovables de energía y respeto medioambiental (CUBASOLAR) e o Ministerio para las Inversiones Extranjeras y la Colaboración Económica (MINVEC), para a execución do proxecto: 'Participación comunitaria para a mellora de infraestruturas e a protección do ambiente na comunidade Antonio Maceo de Santiago de Cuba"
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e o Fondo de Cooperación Hispano Peruano (FONCHIP), para a execución do proxecto 'Desenvolvemento rural na bacía do Chipillico".
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e a Axencia de Desenvolvemento Provincial de Manabí, para a execución do proxecto "Rehabilitación dun centro de apoio matriz e a construción e equipamento de tres centros intermedios para colleita e o tratamento poscolleita de cacao"
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, para a execución do proxecto: "Mellora das condicións de habitabilidade a vivendas do centro histórico de Santiago de Cuba"

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Ferrol, para o financiamento das actuacións de humanización da praza de España
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda nº2 ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, o Concello de Vigo e a Autoridade Portuaria de Vigo, para a construción e explotación en Vigo, na avenida de Beiramar dun auditorio-pazo de congresos, así como dunha zona complementaria

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Medio Rural a sinatura dun convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun proxecto de investigación en materia de xestión agroforestal sustentable relativo ao silvipastoreo
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Medio Rural a sinatura dun convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun proxecto de investigación e divulgación en materia de xestión forestal sustentable relativos á valorización integral do monte

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio bilateral de colaboración entre a entidade pública empresarial RED.ES e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde (SERGAS), para o desenvolvemento da sanidade en liña (e-sanidade) no marco do *Plan Avanza*

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para establecer, na orde pola que se convocan axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas, anticipos superiores ao 10 por cento do importe das subvencións no momento da súa concesión
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para establecer, na orde de convocatoria para o ano 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2008-2009 de programas experimentais en materia de emprego, anticipos superiores ao 10% do importe das subvencións no momento da súa concesión e a establecer compromisos de carácter plurianual

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo de convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello Beariz para a rehabilitación e reurbanización dunha rúa en Beariz



- Acordo de convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello da Coruña para o tratamento de rehabilitación do espazo público na zona de Porta Real
- Acordo de convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Fondo Galego para a Cooperación e Solidariedade para a autoconstrución de 64 vivendas nos asentamentos de “La Vereda” e “Pasos de las Duranas” en Urugai
- Acordo de autorización de gasto de investimento en contía de 17.687.286,49 euros para o contrato de “Proxecto e obra de construción de 172 vivendas de promoción pública en Garabolos” (Lugo)

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

- Informe sobre os resultados da Comunidade Autónoma de Galicia na avaliación PISA 2006



A XUNTA APROBA O DECRETO DE CREACIÓN DO NOVO CENTRO SOCIAL DE CANGAS

- *As instalacións, con 253 metros cadrados, están situadas na rúa Baiona da localidade do Morrazo*
- *O novo centro substituirá as antigas instalacións que os colectivos sociais usaban na Casa do Mar e que tiveron que ser pechadas por deficiencias estruturais no inmoble*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, deu luz verde ao decreto polo que se crea o novo Centro Social de Cangas. A instalación que en breve poñerá en marcha a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar na localidade do Morrazo, e na que xa están rematados os traballos de acondicionamento, vén substituír o antigo local que as entidades sociais do municipio utilizaban nas dependencias da Casa do Mar e que tiveron que ser desaloxadas no pasado mes de xaneiro polos graves problemas estruturais que presentaba o inmoble.

O novo centro social, que está situado na rúa Baiona, concretamente na esquina con Antonio Nores, dispón dunha superficie útil de 253 metros cadrados, nos que, ademais dos servizos xerais precisos para o seu funcionamento, conta con hemeroteca, sala de xogos, sala de televisión e sala de usos múltiples. O departamento autonómico pretende facer deste espazo un lugar de convivencia interxeneracional e aberto a todo o tecido asociativo.

A XUNTA PON EN MARCHA A AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS, QUE SE ENCARGARÁ DE XESTIONAR E COORDINAR OS MEDIOS NECESARIOS PARA FACER FRONTE ÁS EMERXENCIAS QUE SE PRODUCAN NO PAÍS

- *Será a entidade instrumental da Xunta para o estudo e execución da política autonómica en materia de xestión de emerxencias e protección civil*
- *Asumirá a xestión do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia e a prestación da asistencia requirida polos cidadáns a través del*
- *Será a encargada de elaborar o mapa e o catálogo de riscos de Galicia e de realizar os estudos necesarios para elaborar o Plan territorial de protección civil de Galicia*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao decreto polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Emerxencias (AXGE), entidade instrumental da Xunta para o estudo e execución da política autonómica en materia de xestión de emerxencias e protección civil. Así, a axencia queda adscrita orgánica e funcionalmente á consellería competente nesta materia –actualmente a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza- e rexerese pola Lei de Emerxencias de Galicia, por este decreto e pola demais normativa aplicable.

As funcións deste organismo inclúen a xestión do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia e prestación da asistencia requirida polos cidadáns a través del –e o traslado daquelas incidencias que lles corresponda atender a outros organismos-; a xestión dos helicópteros de emerxencias do 112 e dos demais medios que se poidan incorporar á axencia; a análise, identificación e localización de riscos no territorio co fin de elaborar o mapa e o catálogo de riscos de Galicia; e o desenvolvemento de programas en materia de protección civil e xestión de emerxencias consonte as directrices emanadas pola Xunta, establecendo os medios para fomentar actuacións que contribúan á prevención de riscos, á atenuación dos seus efectos e, en xeral, á toma de conciencia e sensibilización dos cidadáns na importancia da protección civil.

Ademais, a AXGE levará a cabo os estudos necesarios para a elaboración do Plan territorial de protección civil de Galicia; avaliará o risco cando lle sexa comunicada unha situación de emerxencia que poidan dar lugar á activación dun plan público de protección civil; porá á disposición dos órganos competentes da Xunta os medios para a xestión das emerxencias baixo a dirección do titular da Presidencia da Xunta ou do titular da consellería en que este delegue; estudará as accións precisas para o restablecemento dos servizos esenciais para a comunidade e a restauración, rehabilitación e retorno á normalidade nos casos de catástrofe; e fomentará –en colaboración co departamento competente en materia de voluntariado- a vinculación desinteresada dos cidadáns ás actividades de protección civil.

Órganos de goberno

Os órganos de goberno e administración da Axencia Galega de Emerxencias serán o consello reitor, a presidencia, unha vicepresidencia e a xerencia. A Presidencia da Axencia corresponde á persoa titular da consellería competente en materia de protección civil e xestión de emerxencias, na actualidade o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, José Luis Méndez Romeu. Entre as súas funcións están convocar, presidir e moderar o desenvolvemento das reunións do consello reitor; a representación da AXGE; nomear e destituír o seu persoal de dirección; propoñer ao Consello da Xunta a aprobación da estrutura e cadro de persoal da axencia; a alta dirección do persoal; e decidir co seu voto de calidade calquera empate nas decisións que o consello reitor deba tomar.

Pola súa banda, a vicepresidencia correspóndelle á persoa titular do órgano directivo da consellería encargada da xestión de emerxencias e protección civil que designe o seu titular. Substituirá o presidente en caso de vacante, ausencia ou enfermidade. Na actualidade, este cargo correspóndelle á directora xeral de Protección Civil, Esther González Saavedra.

Consello Reitor

O consello reitor está formado por unha presidencia –que corresponde ao titular da consellería competente en materia de protección civil-, unha vicepresidencia– o titular do órgano directivo da consellería encargada da xestión de emerxencias e protección civil que designe o seu titular-, unha xerencia, dezaseis vogalías e unha secretaría. A pertenza a este non xerará dereitos laborais nin económicos.

As súas funcións son, entre outras, coñecer e aprobar as directrices xerais de actuación do organismo, o plan anual de actividades, a memoria de actividades do exercicio anterior, o regulamento de réxime interior e o seu anteproxecto de orzamento anual; nomear e cesar –por proposta da Presidencia da Axencia- ao xerente e secretario xeral; emitir informe sobre as normas relativas a disposicións e actos que afecten as funcións da AXGE; e coñecer os convenios de colaboración subscritos pola persoa titular da presidencia en materia de xestión de emerxencias. Reunirase, polo menos, unha vez ao ano.

Os vogais do Consello Reitor da Axencia serán: o titular da secretaría xeral da consellería competente en materia de emerxencias; o titular da dirección xeral competente en materia de interior; un representante, con categoría cando menos de director xeral, de cada unha das consellerías competentes en materia de voluntariado, urbanismo e transportes, montes e incendios forestais, sanidade, pesca e asuntos marítimos e medio ambiente; tres vogais designados pola Presidencia do Consello entre persoas expertas e de prestixio en materia de emerxencias; catro representantes dos concellos de Galicia, designados pola Federación Galega de

Municipios e Provincias; e un representante da Administración do Estado, nomeado pola Delegación do Goberno.

Outros órganos de goberno

A xerencia da AXGE é o órgano de xestión das funcións que ten encomendadas a axencia, polo que entre as súas funcións están dar cumprimento aos acordos do consello reitor; propoñerlle as liñas de actuación do organismo; elaborar o anteproxecto anual de orzamentos, o regulamento de réxime interior, a proposta de estrutura e cadro de persoal e a memoria anual de actividades; dirixir a xestión orzamentaria; e dirixir o persoal nas operacións de emerxencias. O nomeamento do seu titular correspóndelle ao Consello Reitor a proposta da Presidencia.

O secretario xeral da axencia –nomeado e cesado polo consello reitor por proposta da presidencia– actuará como secretario deste consello, elaborará o balance anual de perdas e ganancias; exercerá a dirección administrativa e de persoal; e controlará o funcionamento dos servizos e das dependencias da AXGE. Por último, a Comisión Galega de Protección Civil asesorará a axencia en cantas decisións someta á súa consideración, funcionando como consello asesor desta.

Segundo se recolle no decreto, en canto o consello reitor non nomee os titulares da secretaría xeral e da xerencia, estes cargos serán exercidos respectivamente por un secretario xeral provisional nomeado pola presidencia e pola persoa titular da vicepresidencia.

Tipos de persoal e recursos económicos

O persoal da Axencia Galega de Emerxencias estará constituído por persoal contratado en réxime laboral pola axencia; persoal laboral procedente da Dirección Xeral de Protección Civil no que a axencia se subroga na posición de empregadora; persoal funcionario da mesma dirección xeral que quede adscrito á axencia; e calquera persoal funcionario ao servizo da comunidade autónoma que se adscriba á axencia a través do sistema de provisión de postos de traballo previstos na normativa vixente –nestes dous últimos casos, sen que haxa alteración da súa situación administrativa-.

Os recursos económicos da axencia estarán compostos polas consignacións orzamentarias que lles sexan asignadas dos orzamentos e a Xunta; as subvencións, achegas, doazóns ou cesións de bens das entidades públicas ou privadas e particulares; os prezos públicos; os rendementos do patrimonio propio; e as contraprestacións derivadas dos convenios en que sexa parte.

O GOBERNO GALEGO IMPULSA A MELLORA DA EFICACIA E A EFICIENCIA NA CONTRATACIÓN PÚBLICA EN GALICIA A TRAVÉS DUNHA XUNTA CONSULTIVA PROPIA

- *O Consello aproba a posta en marcha deste órgano de carácter consultivo para poñer á disposición das administracións públicas galegas un instrumento que mellore a eficiencia na contratación pública a través de propostas de revisión dos procesos*
- *O novo órgano, adscrito á Consellería de Economía e Facenda, garantirá a participación de concellos, universidades e organizacións empresariais*

Galicia contará proximamente cunha Xunta Consultiva de Contratación Administrativa propia logo da aprobación hoxe polo Consello do decreto polo que se regula a composición e funcións deste órgano de carácter consultivo. O novo órgano – impulsado pola Consellería de Economía e Facenda e adscrito a esta– contará con representación das entidades locais, das universidades, das organizacións empresariais, así como das consellerías, polo que suporá un importante instrumento de homoxeneización de criterios na materia facilitando a mellora da eficacia e a eficiencia dos procesos de contratación pública na comunidade.

A reformas normativas levadas a cabo en materia de contratación pública, así como a necesidade de transparentar as boas prácticas neste ámbito aconsellan a creación dun órgano propio que impulse e garanta a aplicación uniforme do réxime xurídico nos procesos de contratación desenvolvidos pola Administración autonómica, os organismos autónomos, as sociedades públicas, as fundacións do sector público e demais entidades de dereito público.

A nova Xunta Consultiva, no seu papel de asesoramento e tutela da lexislación, poderá emitir informes, facultativos ou preceptivos, que non serán vinculantes, aínda que terán carácter de elemento interpretativo da norma ou situación obxecto de exame. Constituirá, así, un instrumento útil para a elaboración de proxectos de disposicións legais e para a adopción de medidas para a adecuada coordinación da contratación. Do mesmo xeito, as entidades locais de Galicia, as universidades galegas e mesmo as organizacións empresariais afectadas pola contratación pública poderán solicitar informes non vinculantes ao citado organismo.

Xunto coa mellora da eficiencia nesta materia, a transparencia é outro dos criterios fundamentais deste novo instrumento, polo que os informes de interese xeral publicaranse na súa páxina web. En canto á súa composición, a Xunta Consultiva contará cun pleno presidido polo titular da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda; unha vicepresidencia, e sete vogais. Tanto no Pleno, como na Comisión Permanente, haberá representación das entidades locais, a



través dun membro da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp); das universidades, a través do Consello Galego de Universidades; e das organizacións empresariais.



A XUNTA E O MINISTERIO DE TRABALLO INVISTEN MÁIS DE 5 MILLÓNS DE EUROS NA REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE APOIO A FAMILIAS EN SITUACIÓNS ESPECIAIS

- *O convenio permitirá desenvolver programas de educación familiar, atender familias desfavorecidas ou en risco e apoiar familias monoparentais*

O Goberno galego acordou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais polo que se investirán 5.245.142 euros na realización de programas de apoio a familias en situacións especiais. A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, achegará un total de 4.100.621 euros para estas iniciativas, mentres que o ministerio investirá 1.144.521 euros.

A través do convenio que se asinará proximamente, está previsto desenvolver tres tipos de programas:

- O programa para a educación familiar, a atención de familias desfavorecidas e en situación de risco e de familias monoparentais;
- O programa de orientación e mediación familiar e puntos de encontro familiar,
- E o programa de apoio a familias no seo das cales se producen episodios de violencia familiar.

Do orzamento para estas actuacións, un total de 4.089.372 euros dedícanse para o programa de educación familiar, a atención de familias desfavorecidas e en situación de risco e familias monoparentais. Estas iniciativas teñen por obxectivo a intervención de persoal especializado naquelas familias nas que se detectan carencias competenciais nas funcións parentais, unhas carencias provocadas pola perda de referencias estables e das funcións asignadas a cada rol da familia. O fin último destas intervencións é a integración social e a mellora da calidade de vida das familias.

Os programas de orientación e mediación familiar e puntos de encontro familiar levan un orzamento de 869.833 euros. Estas actuacións serven para atender as problemáticas relacionadas cos procesos de conflictividade familiar, situacións que implican un risco de ruptura da familia e situacións nas que a parella ten decidido separarse, caso nos que poden recorrer á mediación familiar como alternativa de negociación das súas responsabilidades parentais en intereses dos menores.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Ministerio de Traballo invisten un total de 285.934 euros nos programas de apoio a familias en cuxo seo se produce violencia familiar. As accións deste tipo diríxense fundamentalmente ás familias nas



que se teñen detectado problemas de violencia, aínda que tamén se poden realizar actuacións de tipo preventivo dirixidas a núcleos familiares determinados en situacións de risco.

OS GOBERNOS GALEGO E CENTRAL INVISTEN CASE 6 MILLÓNS DE EUROS NO DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA

- *O convenio entre a Xunta e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais permitirá financiar programas para o mantemento de escolas infantís, para a construción de novos centros e para a creación de novas prazas*
- *O programa beneficia a 46 corporacións locais e a 10 entidades sen ánimo de lucro e permitirá a construción de distintos centros infantís en sete municipios galegos*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para a realización de programas para o desenvolvemento de servizos de atención á primeira infancia (de 0 a 3 anos). O investimento global destas iniciativas é de 5.723.327 euros, dos que o Goberno galego achega 4.007.894 euros e o Ministerio os restantes 1.715.433 euros. O obxectivo dos programas que se poñen en marcha a través desta colaboración é crear e mellorar os servizos de atención aos nenos e nenas galegos.

Mediante o convenio que se vai asinar entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Ministerio de Traballo fináncianse os programas para o mantemento de escolas infantís, a maioría de titularidade municipal e outras de entidades sen ánimo de lucro. As corporacións locais que se benefician desta iniciativa son un total de 46: 22 na Coruña, 8 en Lugo, 3 en Ourense e 13 en Pontevedra.

En canto ao mantemento dos centros infantís de titularidade de entidades sen ánimo de lucro, na provincia da Coruña fináncianse 3 escolas infantís, en Ourense 1 e 6 na provincia de Pontevedra.

Os servizos de atención á primeira infancia que financian Xunta e ministerio inclúen tamén a construción de distintos centros infantís en 7 municipios de Galicia, co obxecto de crear novas prazas para a atención á primeira infancia. En concreto, en Fene, A Laracha, Xinzo de Limia, Baiona, Barro, Campo Lameiro e A Cañiza.

COOPERACIÓN EXTERIOR DESTINA 130.000 EUROS A MELLORAR O CENTRO INTEGRAL PARA O DESENVOLVEMENTO DA MULLER EN TORO TORO (BOLIVIA)

- *A axuda do Goberno galego destinarase á construción dun taller artesanal e dun centro social*
- *Beneficiaranse de xeito directo as mulleres campesiñas de etnia quechua dos municipios rurais do extremo norte de Potosí*

O Consello da Xunta acordou hoxe destinar, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, 130.000 euros para a mellora dun Centro Integral para o Desenvolvemento da Muller situado en Toro Toro, Bolivia.

En virtude deste acordo, construíranse un taller artesanal con área de teares, de secado, de tinturaría, entre outras; e un centro social, con gardarías e sala de berces, ambos para o desenvolvemento integral da muller. Estas ampliacións completarán ás xa existentes tenda e biblioteca.

Deste convenio de colaboración asinado pola Xunta de Galicia e polo goberno municipal de Toro Toro beneficiaranse directamente as mulleres campesiñas de etnia quechua dos municipios rurais do extremo norte de Potosí. Pero tamén terá un impacto positivo sobre a mesma rede social e as organizacións públicas e privadas da zona, facilitando a participación da sociedade civil nos procesos políticos.

Este proxecto coincide cunha das prioridades transversais fixadas polo I Plan Director da Cooperación Galega 2006-2009, a de xénero, que prioriza a procura da igualdade das mulleres nas sociedades dos países máis empobrecidos. As actividades propostas benefician especialmente as mulleres en aspectos non só de satisfacción das necesidades mínimas, senón tamén de empoderamento e autoestima, promovendo a independencia económica a través do rescate dos seus coñecementos tradicionais e da formación de líderes para a mellora na toma de decisións

A XUNTA INVESTIRÁ 200.000 EUROS EN DOUS ANOS PARA A MELLORA DE INFRAESTRUTURAS E PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE NA COMUNIDADE ANTONIO MACEO, EN SANTIAGO DE CUBA

- *Deste proxecto beneficiaranse de xeito directo os 8.715 habitantes da comunidade*
- *Melloraránse as redes de saneamento ambiental, redes eléctricas, paredes deterioradas e instalarase mobiliario adecuado ás necesidades*

O Goberno galego deulle esta mañá o visto e prace ao investimento, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, de 200.000 euros para un proxecto que mellorará infraestruturas públicas e vivendas, e consolidará un programa de educación e sensibilización ambiental, na comunidade Antonio Maceo, en Santiago de Cuba.

Nesa comunidade, situada na periferia da cidade, viven actualmente 8.715 persoas, que a través de reunións das circunscricións electorais detectan tradicionalmente prioridades e necesidades.

Coa mellora das infraestruturas preténdese conseguir unha maior accesibilidade da poboación aos servizos básicos de educación, saúde, saneamento ambiental, cultura e deporte. Para iso, melloraránse nas diferentes instalacións as redes de saneamento ambiental, as redes eléctricas, as paredes deterioradas e instalarase mobiliario adecuado ás actividades e fins de cada edificio.

Estas medidas contribuirán á prevención de enfermidades de transmisión hídrica, ao aforro de auga potable, á mellor protección da humidade, e a sostenibilidade ambiental do proxecto.

A Xunta de Galicia colabora coa Sociedad Cubana para la Promoción de las Fuentes Renovables de Energía y Respeto Ambiental (Cubasolar) neste proxecto de dous anos de duración que, a súa vez, forma parte dun programa de desenvolvemento integral da comunidade.



O GOBERNO GALEGO DESTINA 129.787 EUROS A UN PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO RURAL NA BACÍA DO CHIPILLICO, EN PERÚ

- *O proxecto beneficiará a máis de 25.000 persoas que mellorarán a súa calidade de vida*
- *Porase en marcha un sistema de produción gandeiro e construírse unha canle de rego*

O Consello da Xunta decidiu na súa xuntanza de hoxe destinar a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior 129.787 euros para a posta en marcha dun sistema de produción gandeiro e a construción dunha canle de rego na bacía do Chipillico, en Perú.

Este proxecto enmárcase dentro do apoio ao sector produtivo e ao desenvolvemento do tecido económico, por unha banda, e da mellora das infraestruturas por outra. Así, loitarase contra os dous principais problemas identificados na zona:

En primeiro lugar, os baixos ingresos dos criadores de gando caprino e ovino polos escasos niveis de produtividade e calidade do gando, derivados das deficiencias en sanidade, melloramento xenético, alimentación e reprodución. En segundo lugar, a falta de organización que permitiría ter capacidade de negociación ante os intermediarios, motivados polos deficientes coñecementos ou pola falta de acceso á información. Ademais, actualmente os canais de rega están en condicións deficientes o que ocasiona grandes perdas de auga por infiltración e rebordamentos nalgún dos tramos

Desta actuación beneficiaranse máis de 25.000 persoas que mellorarán a súa calidade de vida mediante a obtención de maiores ingresos, como resultado da oferta competitiva creada do emprego das tecnoloxías adecuadas para o melloramento da produción de gando.

Neste proxecto, a Xunta de Galicia colabora co Fondo de Cooperación Hispano Peruano (FONCHIP), creado para a xestión e administración do programa de Cooperación Hispano Peruano.

A XUNTA DESTINA 120.750 EUROS PARA A IMPLEMENTACIÓN DUN CENTRO DE SERVIZOS PRODUTIVOS NA ZONA NORTE DA PROVINCIA DE MANABÍ, EN ECUADOR

- *Ecuador é un dos sete primeiros produtores de cacao en gran do mundo*
- *Desta proxecto se beneficiarán pequenos produtores, cuxas extensións de propiedades oscilan entre as 5 e as 10 hectáreas*

O Goberno galego acordou hoxe investir 120.750 euros nun proxecto para a implementación dun Centro de Servizos dotado dun sistema de comercialización asociativa, mediante a articulación con Centros de Acopio Intermedios na provincia de Manabí, un proxecto que se desenvolverá a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior.

Ecuador está entre os sete primeiros países produtores de cacao en gran do mundo, polo que o seu cultivo é estratéxico na industria do chocolate, principalmente para empresas situadas en Estados Unidos e en Europa. Este cultivo constitúe unha fonte de emprego para 800.000 persoas que participan nos procesos de produción, poscolleita, colleita, industrialización, exportación e demais servizos da cadea, polo que é de relevante importancia na economía do país.

Concretamente, na provincia de Manabí existen adecuadas condicións agrícolas, pero moi pouco coñecemento técnico que permitiría a obtención de niveis adecuados de produtividade, e pouca accesibilidade a recursos financeiros, que permitirían o investimento produtivo.

Este proxecto, no que colaboran a Xunta de Galicia e a Axencia de Desenvolvemento Provincial de Manabí (ADPM), quere dotar as organizacións de produtores de cacao dun centro de servizos produtivos que posibilite a obtención de mellores prezos, mediante a posta en marcha da empresa asociativa ligada aos centros de colleita.

Desta liña de traballo, beneficiaríanse pequenos produtores de cacao, cuxas propiedades oscilan entre as 5 e as 10 hectáreas de extensión, e que foron capacitados no manexo do cultivo do cacao e xestión de microempresas rurais.

A XUNTA DE GALICIA DESTINA 272.735 EUROS Á MELLORA DE VIVENDAS NO CENTRO HISTÓRICO DE SANTIAGO DE CUBA

- *A subvención beneficiará de xeito indirecto a máis de 50.000 persoas*
- *Un dos obxectivos deste convenio co Fondo Galego de Cooperación é mellorar os equipamentos sanitarios de baño e cociña de 78 vivendas do centro histórico de Santiago de Cuba*

O Consello da Xunta acordou hoxe destinar a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior 272.735 euros para a mellora das condicións de habitabilidade de vivendas no centro histórico de Santiago de Cuba, e aumentar así a calidade de vida dos seus residentes.

Este proxecto no que tamén colabora o Fondo Galego de Cooperación ten como obxectivos específicos mellorar as condicións de habitabilidade das vivendas recoñecidas como patrimonio histórico, os equipamentos sanitarios de baño e cociña, os seus accesorios hidráulicos, e as instalacións eléctricas.

Nos tres anos que dura o proxecto, habilitaranse 78 vivendas do centro histórico de Santiago de Cuba recuperando paulatinamente aquelas edificacións que constitúen verdadeiros exemplos de arquitectura santiagueira que merezan ser conservados.

Estas actuacións beneficiarán de xeito directo a 312 persoas, pero mellorarán a calidade de vida de todo o distrito 26 de Xullo, no que habitan actualmente máis de 50.000 persoas.

POLÍTICA TERRITORIAL INVISTE 5,2 MILLÓNS DE EUROS NA HUMANIZACIÓN DA PRAZA DE ESPAÑA DE FERROL

- *A consellería colaborará co Concello de Ferrol para recuperar para o uso cidadán as diversas obras realizadas que eliminan o tráfico da superficie*
- *Coa colaboración da CPTOPT conséguese resolver unha demanda longamente reivindicada pola cidadanía ferrolá*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Ferrol para o financiamento da humanización da Praza de España. Este convenio permitirá que a CPTOPT achegue un total de 5,2 millóns de euros para contribuír, mediante subvención ao Concello de Ferrol, a que este poña á disposición do uso público as actuacións de humanización da praza, o que supón que teña que aboar ao concesionario da obra o custo das construcións realizadas. Así, coa colaboración da CPTOPT conséguese resolver unha demanda longamente reivindicada pola cidadanía ferrolá.

Na praza de España de Ferrol, no ámbito delimitado polo barrio da Madalena, a avenida do Rei, a avenida de Vigo e a rúa Roi Xordo, realizáronse mediante concesión as obras de execución dunha vía subterránea, desvío dos servizos urbanos existentes e urbanización e acondicionamento da superficie da praza. A achega da CPTOPT para recuperar estas actuacións para o uso público acadará unha cantidade máxima de 5,2 millóns de euros.

A construción do túnel entre a avenida do Rei e a avenida de Vigo supón cambios importantes na circulación, xa que elimina o tráfico rodado pola superficie entre ambas as rúas, o que xera un espazo peonil que comunica o barrio da Madalena coa praza de España. Esta actuación supón unha profunda transformación dun contorno ata o de agora sometido a un intenso tráfico rodado e a súa conversión nun espazo de ocio, comunicación e atracción social que mellora a imaxe da cidade. Por iso, esta achega económica enmárcase dentro das competencias da Consellería de Política Territorial para realizar actuacións de mellora de contornos urbanos, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñen por finalidade a revitalización do territorio.

POLÍTICA TERRITORIAL MANTÉN O SEU COMPROMISO CO AUDITORIO DE VIGO E REDISTRIBÚE AS ANUALIDADES DA SÚA ACHEGA DE 18,5 MILLÓNS DE EUROS

- *Política Territorial axusta a súa achega ás previsións de execución propostas polo concello*
- *A CPTOPT é a Administración pública que máis fondos destina a esta construción*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Vigo dunha addenda para modificar o convenio polo que a CPTOPT achega 18,5 millóns de euros para a construción do Auditorio-Pazo de Congressos en Beiramar. Esta addenda ao convenio anterior ten por obxectivo redistribuír as anualidades en que se reparte a achega total da CPTOPT e adaptalas ao ritmo de execución dos traballos.

A Consellería de Política Territorial é a Administración pública que máis fondos destina á construción do Auditorio de Vigo, cun total de 18.570.000 euros. Segundo o convenio orixinal, as achegas deberíanse repartir segundo as seguintes anualidades: 7,6 millóns en 2006, 5 millóns en 2007 e 5,9 millóns en 2008. Porén, ante a imposibilidade de executar este ano os traballos previstos, o Concello de Vigo solicitou o pasado mes de outubro a formalización desta addenda que permita axustar os compromisos da CPTOPT ás previsións de execución propostas polo propio concello. Así, segundo a addenda autorizada hoxe, as anualidades achegadas pola Consellería de Política Territorial quedarán repartidas, sen variar a suma total de 18,5 millóns de euros, do seguinte xeito: 7,6 millóns en 2006, 5,9 millóns en 2008, 3 millóns en 2009 e 2 millóns en 2010.

MEDIO RURAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DESENVOLVERÁN UN PROXECTO DE INVESTIGACIÓN E DIVULGACIÓN DE XESTIÓN FORESTAL SUSTENTABLE MEDIANTE SISTEMAS DE SILVIPASTOREO

- *A achega destinada a tal fin ascende a 130.900 euros e será desenvolvido en tres anos*

A Consellería do Medio Rural e a Universidade de Santiago de Compostela asinarán un convenio para realizar un proxecto de investigación en materia de xestión forestal sustentable relativo ao silvipastoreo cun importe de 130.900 euros, desenvolvido en tres anos, segundo acordou o Consello da Xunta.

O proxecto será coordinado polo profesor Xosé Carlos Carreira Pérez do departamento de Enxeñería Agroforestal e estará dirixido por Antonio Rigueiro Rodríguez, da Escola Politécnica Superior do Campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela.

A Consellería do Medio Rural considera que o aproveitamento dos recursos forestais comprende múltiples facetas a destacar dentro da xestión forestal sustentable e mediante a valorización de produtos forestais non madeireiros e dos residuos xerados polos aproveitamentos xérase un valor engadido importante que favorece o desenvolvemento das actividades vinculadas aos contornos rurais que cómpre ser aproveitado.

A xestión forestal tradicional comprendía unha serie de interaccións nos espazos agrícolas e forestais, especialmente a carón dos cursos fluviais, con grandes vantaxes tanto en materia de diversificación das producións como mellora de aspectos ecolóxicos e diminución do risco de incendios forestais.

Coa sinatura deste convenio, preténdense poñer á disposición do sector novidades conseguidas en materia de investigación silvícola para a xestión de masas forestais co obxectivo de desenvolver os recursos forestais tradicionais.

Entre os obxectivos do proxecto figuran realizar un seguimento do emprego dos sistemas de silvipastoreo –coexistencia de árbores e gando simultaneamente no mesmo espazo- como técnica de prevención de incendios forestais en Galicia mediante a redución do seu risco e o incremento da renda do monte. A Consellería do Medio Rural recibirá asesoramento na implantación de sistemas de silvipastoreo en montes galegos e a avaliación de espazos de masas arborizadas adultas de cara a controlar o combustible vexetal vivo do sotobosque para reducir o risco de incendios forestais, ao tempo que se incrementa o rendemento dos montes.

MEDIO RURAL DESTINARÁ 215.000 EUROS Á INVESTIGACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN FORESTAL SUSTENTABLE PARA A VALORIZACIÓN INTEGRAL DO MONTE

- *Os proxectos serán sobre compostaxe de biomasa forestal mesturada con xurro de bóvidos na granxa xenética de Fontao, sobre un programa de divulgación de ferramentas para a xestión sustentable de montes de Galicia, sobre desenvolvemento de tarefas de tratamento de datos LIDAR e sobre desenvolvemento de modelos construtivos con base de madeira de *Pinus pinaster* de aplicación en construcións no ámbito forestal de Galicia*

A Consellería do Medio Rural asinará un convenio de colaboración coa Universidade de Santiago para a realización de catro proxectos de investigación e divulgación en materia de xestión forestal sustentable, segundo acordou o Consello da Xunta. Os proxectos serán sobre compostaxe de biomasa forestal mesturada con xurro de bóvidos na granxa xenética de Fontao, sobre un programa de divulgación de ferramentas para a xestión sustentable de montes de Galicia, sobre desenvolvemento de tarefas de tratamento de datos LIDAR e sobre desenvolvemento de modelos construtivos con base de madeira de *Pinus pinaster* de aplicación en construcións no ámbito forestal de Galiza.

Os profesores da Escola Politécnica Superior do Campus de Lugo que dirixirán os proxectos son Xan Neira Seijo, Alberto Rojo Alboreca, David Miranda Barrós e Ramón Ángel Mariño Allegue.

O primeiro dos proxectos estudará a compostaxe de materiais procedentes de restos de poda arbórea e matogueiras xunto con xurro dunha granxa de bóvidos de 200 cabezas de Xenética Fontao, co obxectivo de ofrecer alternativas viables para a mellora e optimización do uso destes materiais. O seu orzamento total será de 52.655 euros.

O segundo dos proxectos consiste nun programa de divulgación sobre ferramentas para a xestión sustentable dos montes de Galicia cun esquema que prevé unha introdución aos modelos de crecemento e de produción, modelos existentes para as principais especies con interese comercial, exemplos de utilización dos modelos de crecemento, un manual de usuario, exemplos de aplicación e bibliografía. O orzamento será de 37.510 euros.

Outro dos proxectos consiste no tratamento de datos LIDAR (Laser Imaging Detection and Ranging) no Concello de Guitiriz nunha superficie de 67 Km² caracterizada por grandes masas de piñeiro radiata. Entre as tarefas que se van desenvolver mediante



datos Lidar figuran a xeración de modelos dixitais do terreo, o desenvolvemento de tarifas aéreas de cubicación forestal, elaboración de modelos de combustible, elaboración de modelos tridimensionais de cartografía urbana cunha combinación de fotografías aéreas. O orzamento será de 52.250 euros.

O obxectivo do último proxecto é desenvolver solucións integrais para a construción rural cunha base estrutural de madeira de piñeiro pináster, cunha definición do material de cerramento e deseño de tipos específicos para a estrutura portante de elementos no ámbito forestal. O plan de traballo prevé unha formulación metodolóxica na que se especifica a tecnoloxía de fabricación, durabilidade, propiedades mecánicas, deseño de planta e xeometría estrutural, tipoloxía, dimensionado e montaxe; un estudo de edificacións con carácter agroforestal como serradoiros, viveiros e explotacións gandeiras, ademais de edificacións agroindustriais como cooperativas vitivinícolas e hortofrutícolas e outros tipos de edificacións. O orzamento será de 73.454 euros.

A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PRORROGAN O CONVENIO DE COLABORACIÓN CON RED.ES PARA O DESENVOLVEMENTO DA SANIDADE EN LIÑA

- *A prórroga esténdese ata o remate do convenio marco de colaboración para o desenvolvemento da sanidade en liña do Sistema Nacional de Saúde, Plan Avanza, fixada ata o 31 de decembro de 2008*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a prórroga do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Red.es e a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde para o desenvolvemento da sanidade en liña (*e-Sanidade*) no marco do Plan Avanza. Deste xeito, continúa aberta a liña de colaboración que permite que fondos comunitarios continúen apoiando o proxecto de desenvolvemento do proxecto galego *Rede de S@ude*.

Con esta prórroga esténdese a vixencia do convenio bilateral entre *RED.ES* e a Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde ata a finalización do convenio marco de colaboración para o desenvolvemento da sanidade en liña do Sistema Nacional de Saúde, Plan Avanza, fixada ata o 31 de decembro de 2008.

Este investimento do convenio marco que recolle esta actuación ascende a 15.993.104 euros, dos que 6.397.242 euros son achegados polo Servizo Galego de Saúde.

O obxectivo deste convenio é definir, desenvolver e implantar infraestruturas, aplicacións informáticas ou ferramentas de xestión no ámbito sanitario galego. E en concreto, o documento asinado especifica actuacións que se levarán a cabo coa informatización gradual dos centros sanitarios e oficinas de farmacia, o desenvolvemento da prescrición (xa en marcha) e dispensación electrónica que constitúen a receita electrónica, a implantación de novos servizo de cita médica, a implantación gradual da historia clínica e a posta en marcha de proxectos de telemedicina.

Todas estas liñas de actuación realizaranse sobre a base da tarxeta sanitaria como sistema de identificación individual do paciente, o que lles posibilita o acceso ás prestacións sanitarias.

Actuacións da Sanidade en liña

De todas as actuacións previstas, ocupa un lugar destacado as que se porán en marcha para a implantación da historia clínica electrónica, que mellorará a calidade da asistencia para a cidadanía e facilitará o traballo dos profesionais sanitarios.



Unha segunda liña de actuacións estará orientada ao funcionamento da receita electrónica, que liberará o profesional médico de realizar trámites administrativos para facer receitas que non requiren revisión ou receitar nun só acto os medicamentos que considere necesarios para o seu paciente na cantidade e duración do tratamento precisos (especialmente importante para os doentes crónicos). Para o paciente é moi útil na medida en que poderá obter medicamentos que precise en calquera farmacia do Sistema Nacional de Saúde sen necesidade de receita. Deste xeito, ademais de fomentar un uso máis racional dos medicamentos e mellorar o cumprimento do tratamento, combátese o gasto farmacéutico e a venda de fármacos sen receita.

Este convenio tamén marca as accións orientadas á cita médica por internet e entre centros sanitarios. Unha medida que axilizará substancialmente a petición de citas e reducirá o número de desprazamentos dos pacientes aos centros sanitarios, situación que permitirá unha mellor planificación e xestión dos recursos. Ademais de implantar a tecnoloxía precisa que substitúa progresivamente os métodos manuais, asignarase a cada persoa un código de identificación a través da súa tarxeta sanitaria individual, polo que funcionará como unha chave que permita acceder á información clínica de cada paciente respectando as normas legais de confidencialidade e seguridade.

Precisamente, outro dos obxectivos é que todas as tarxetas sexan compatibles entre si, garantindo a interoperabilidade entre todas elas, de xeito que tamén o resto de comunidades autónomas compartan esta información a través da base de datos común.

A telemedicina, a infraestrutura do Sistema Nacional de Saúde e as redes de comunicación, así como aspectos estruturais de seguridade, soporte e mantemento da rede tamén están especificados no convenio do Plan Avanza.

A CONSELLERÍA DE TRABALLO DESTINA CASE 600.000 EUROS AO FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DAS ASOCIACIÓNS DE COOPERATIVAS

- *O Goberno galego establece unha liña de axudas para os gastos normais de funcionamento e para a posta en marcha de actividades de promoción do cooperativismo*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, aprobou a orde pola que se establecen e convocan as axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas. Deste xeito, a Consellería de Traballo subvencionará parcialmente os seus gastos normais de funcionamento e a realización de actividades de promoción do cooperativismo durante o ano 2008. O orzamento destinado a estas accións de promoción é de 599.231 euros.

Os beneficiarios destas subvencións son as asociacións de cooperativas con actividade acreditada e que se atopen inscritas no Rexistro Xeral de Cooperativas de Galicia, dependente da Consellería de Traballo.

A materialización destas axudas realizarase a través dun convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Traballo e cada unha das entidades beneficiarias. Segundo se recolle na orde e en concepto de anticipo, poderase facer efectivo ata o 50% do total da contía da subvención, unha vez acreditada a súa aceptación coa subscripción do convenio.

A través desta orde regúlanse dous tipos de axudas: por unha banda, subvencións para os gastos normais de funcionamento, como o mantemento da páxina web da asociación, ou as cotas asociativas a entidades de intercooperación de ámbito superior á comunidade. Por outra banda, serán subvencionables conceptos como gastos de representación e participación en congresos, seminarios ou xornadas. Os criterios de avaliación que decidirán a concesión e contía das axudas serán a representatividade da asociación solicitante e os niveis de actividade que desenvolvan.

A segunda liña de axuda é a destinada a sufragar os custos derivados da organización de actividades de promoción do cooperativismo, como cursos, xornadas, conferencias ou simposios; a elaboración, publicación e difusión de estudos, informes ou traballos de investigación, así como calquera outra acción promocional que fomente a cultura e o movemento cooperativo. A contía subvencionada non poderá superar o 80% dos gastos para a realización de actividades.

Neste caso terase en conta, por orde de importancia, a adecuación aos obxectivos e liñas de actuación do Plan Estratégico para o Cooperativismo; as propostas



innovadoras ou aquelas que, pola súa singularidade, acheguen novos enfoques e perspectivas ao cooperativismo ou á súa promoción; e, por último, a solvencia da entidade solicitante para levar a cabo a actividade, acreditada mediante unha memoria.

TRABALLO FINANCIARÁ A POSTA EN MARCHA DE PROGRAMAS EXPERIMENTAIS DE EMPREGO CUN ORZAMENTO DE 4,1 MILLÓNS DE EUROS

- *Os programas experimentais son aqueles que teñen por obxectivo o desenvolvemento de plans integrais de emprego que combinen accións como información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral e mobilidade xeográfica*
- *A través da orde aprobada polo Consello da Xunta, regularanse as subvencións para a posta en marcha de programas de emprego dirixidos á inserción laboral das persoas desempregadas, mediante o ensaio de fórmulas experimentais de actuación e tratamento integrado da inserción laboral*
- *As axudas oscilan entre os 1.200 euros por persoa atendida ata os 3.500 euros por inserida no mercado de traballo*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, aprobou a orde pola que establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de programas experimentais de emprego durante os anos 2008 e 2009 en Galicia. Para a súa posta en marcha, a Consellería de Traballo destinará un orzamento de 4,1 millóns de euros.

Co obxectivo de mellorar a capacidade de inserción laboral dos desempregados a través da información, a formación, a orientación profesional e a práctica laboral, a Consellería de Traballo articulará unha serie de actuacións dirixidas a explorar novas alternativas de inserción laboral cos demandantes que se atopan con especiais dificultades de acceso ao emprego.

Un programa experimental é aquel que ten por obxecto o desenvolvemento de plans integrais de emprego que combinen accións de diversa natureza, tales como: información, orientación e asesoramento; formación, práctica laboral e mobilidade xeográfica.

Nese sentido, establécese unha vía de colaboración dirixida á inserción laboral de demandantes inscritos no Servizo Público de Emprego, marcando obxectivos cuantificados e responsabilizando deles a entidades sen ánimo de lucro a través da concesión de subvencións dirixidas á posta en marcha de programas experimentais.

Outro dos obxectivos desta actuación é manter a vida activa daqueles traballadores que pasasen a unha situación de desemprego como consecuencia dunha situación de crise empresarial. Así pois, favorecerase a posta en marcha de programas de emprego especificamente destinados aos devanditos traballadores.

Axudas e entidades beneficiarias

Poderán ser beneficiarias das subvencións as corporacións locais e as entidades sen ánimo de lucro que acrediten experiencia na realización de accións dirixidas ao acompañamento aos desempregados en procesos de inserción laboral por conta allea ou propia.

Para o desenvolvemento dos plans integrais de emprego, o financiamento total determinarase en función do número de persoas destinatarias e os obxectivos previstos de inserción. A cantidade máxima achegada será de entre 1.200 euros por persoa atendida e 3.500 euros por persoa atendida e inserida no mercado de traballo. En ningún caso, tendo en conta ambos os parámetros, poderá percibirse unha cantidade superior a 2.100 euros de media por desempregado participante do plan.

Os destinatarios

Este tipo de accións están destinadas a aqueles desempregados sinalados como prioritarios para a Consellería de Traballo. Os colectivos son os seguintes: persoas con discapacidade, persoas inmigrantes, mulleres con problemas de integración laboral, e persoas desempregadas en risco de exclusión social, así como perceptores de subsidios e prestacións por desemprego, da Renda Activa de Inserción ou da Renda de Integración Social de Galicia.

Ao mesmo tempo, establécese que como mínimo o 60% dos beneficiarios das accións deberán ser perceptores de prestacións ou subsidios por desemprego.

Por outra banda, quedarán excluídos deste requisito aqueles programas experimentais nos que os seus participantes sexan na súa totalidade desempregados previamente admitidos no programa de Renda Activa de Inserción ou beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia.

Obxectivos dos programas experimentais

Os programas establecerán obxectivos cuantificados de inserción laboral das persoas desempregadas participantes de como mínimo o 35%. Estes obxectivos reduciranse ao 30% cando todos os participantes no programa sexan desempregados previamente admitidos no programa de Renda Activa de Inserción, que subscribisen o compromiso de actividade e/ou perceptores da Renda de Integración Social de Galicia.

Con carácter xeral, considerarase que a inserción laboral foi conseguida cando, durante a vixencia do plan, o desempregado é contratado como traballador por conta allea por unha duración non inferior a seis meses. Igualmente, considerarase que a inserción laboral foi conseguida cando durante un período dun ano como mínimo, se acredite a constitución en traballadores autónomos ou por conta propia das persoas desempregadas participantes no dito plan.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO INVISTE 383.860 EUROS NA REHABILITACIÓN E REURBANIZACIÓN DA TRAVESÍA DE BEARIZ E O SEU CONTORNO

- *Esta actuación materialízase na sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello de Beariz autorizado hoxe polo Consello da Xunta*

A Consellería de Vivenda e Solo inviste 383.860 euros na rehabilitación e reurbanización da travesía de Beariz e o seu contorno. Esta actuación materialízase na sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello de Beariz autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

O importe total das obras previstas ascende a 479.825 euros, dos que a Consellería achega o 80% e o 20% restante é achegado polo Concello. O orzamento comprometido polo departamento autonómico abarca as anualidades 2007-2008 coa seguinte distribución: 120.000 euros con cargo á anualidade 2007, e os 263.860 euros restantes con cargo á anualidade 2008.

As obras de rehabilitación e reurbanización acometeranse sobre un ámbito total de 3.500 metros cadrados, co obxectivo de rehabilitar o espazo público creado arredor da travesía de Beariz. Trátase dunha travesía urbana convertida nos últimos anos na rúa de maior puxanza no núcleo do concello ourensán, posto que nela se concentra a maior densidade da actividade social e comercial.

Nese sentido, as obras consistirán fundamentalmente na ordenación das infraestruturas e servizos urbanos, soterrando os cableados eléctricos e de telecomunicacións, limpando a paisaxe urbana e as fachadas. Por outra banda, tamén se aumentarán as dimensións das beirarrúas para garantir a accesibilidade, e ordenaranse os espazos baleiros susceptibles de ser de uso peonil. Ademais, delimitarase un punto limpo no que se dispoñan contedores de lixo e plantarase vexetación.

Esta actuación enmárcase dentro da liña de traballo da Consellería de Vivenda e Solo de fomentar a renovación e recuperación dos centros históricos ou doutros tecidos urbanos degradados. Neste caso en concreto da travesía de Beariz, o obxectivo é que as obras sirvan como impulso á rehabilitación do conxunto das edificacións por parte dos particulares, e para futuras actuacións que repercutirán na mellora do conxunto do Concello de Beariz e os seus espazos públicos.

O GOBERNO GALEGO INVISTE 275.723 EUROS NA REHABILITACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NA ZONA DE PORTA REAL NA CIDADE DA CORUÑA

- *Esta actuación materialízase na sinatura dun convenio de colaboración entre a consellería e o Concello da Coruña autorizado hoxe polo Consello da Xunta*

A Consellería de Vivenda e Solo inviste 275.723 euros na rehabilitación de espazos públicos na zona de Porta Real na cidade da Coruña. Esta actuación materialízase na sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello da Coruña autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

O importe total das obras previstas ascende a 344.654 euros, dos que a Consellería achega o 80%, e o 20% restante é achegado polo Concello.

Esta actuación subvencionada pola Consellería de Vivenda e Solo destinada ao tratamento e rehabilitación de espazos públicos na zona de Porta Real enmárcase dentro dun programa do Concello da Coruña para a recuperación da antiga muralla que protexía a cidade e cuxos restos apareceron nesta zona.

Nese sentido, as obras consistirán fundamentalmente en acondicionar e pavimentar o ámbito para conseguir a rehabilitación da muralla.

O investimento da consellería enmárcase dentro da liña de traballo do departamento autonómico de fomentar a renovación e recuperación dos centros históricos ou doutros tecidos urbanos degradados.

VIVENDA INVISTE 400.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DE 64 VIVENDAS NOS ASENTAMENTOS DE "LA VEREDA" E "PASOS DE LAS DURANAS" EN MONTEVIDEO

- *Esta actuación materialízase na sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e o Fondo Galego para a Cooperación e Solidaridade autorizado hoxe polo Consello da Xunta*
- *A subvención da consellería está destinada á autoconstrución das vivendas nos dous asentamentos formados por un total de 148 familias*

A Consellería de Vivenda e Solo inviste 400.000 euros na construción de 64 vivendas nos asentamentos de "La Vereda" e "Pasos de las Duranas" en Montevideo. Esta actuación materialízase na sinatura dun convenio de colaboración entre a consellería e o *Fondo Galego para a Cooperación e Solidaridade* autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

O importe total das actuacións previstas ascende a 723.000 euros, dos que a Consellería achega o 55% cunha distribución bianual: 150.000 euros con cargo á anualidade 2007 e os 250.000 euros restantes con cargo á anualidade 2008.

Con este proxecto preténdese mellorar a calidade de vida de 148 familias pertencentes aos dous asentamentos do Concello de Montevideo, onde o 50% da poboación vive en situación de pobreza extrema. Este proxecto levarase a cabo a través da autoconstrución das 64 vivendas, na que participarán os veciños e mozos en situación de risco social, co obxectivo de implicalos nas tarefas de construción e mellora do contorno.

O obxectivo final é o realoxamento das familias nas novas vivendas, que correrá a cargo da Intendencia Municipal de Montevideo. A selección da poboación beneficiaria farase dando prioridade ás familias máis numerosas e que pola súa situación sanitaria e socio-económica requiran unha atención especial e urxente.

Esta actuación subvencionada pola Consellería de Vivenda e Solo enmárcase dentro da liña de traballo do Departamento autonómico de colaborar con entidades sen ánimo de lucro, como é o caso do *Fondo Galego para a Cooperación e Solidaridade*, co fin de desenvolver actividades de cooperación internacional en materia de habitabilidade, sustentabilidade, rehabilitación e renovación.

198.000 euros en Nicaragua e Palestina

Dentro desa liña de actuación, a Consellería de Vivenda e Solo tamén está a investir 198.000 euros na construción de 30 vivendas en Nicaragua, e na rehabilitación de 16 vivendas situadas nos campos de refuxiados de Jalazone e Amari en Palestina. A



achega económica do departamento autonómico para estas dúas actuacións está realizada a través de sendos convenios de colaboración co *Fondo Galego para a Cooperación e Solidaridade* asinados en abril e xullo deste ano.



O GOBERNO GALEGO INVISTE 17,7 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DE 172 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN GARABOLOS NO CONCELLO DE LUGO

- *Este investimento foi aprobado hoxe polo Consello da Xunta por proposta do Departamento autonómico e inclúe a redacción do proxecto e a construción das obras*

A Consellería de Vivenda e Solo inviste 17.687.286 euros na construción de 172 vivendas de promoción pública (VPP) en Garabolos no Concello de Lugo. O investimento foi aprobado hoxe polo Consello da Xunta, por proposta do departamento autonómico, e inclúe a redacción do proxecto e a execución das obras.

A construción das 172 VPP en Garabolos trátase da maior actuación en materia de vivenda protexida desenvolvida pola Consellería de Vivenda e Solo no Concello de Lugo, xunto coa rehabilitación de vivenda no Barrio da Tinería en pleno centro histórico da cidade. O orzamento comprometido para esta actuación abarca as anualidades 2008-2011 coa seguinte distribución: 1.768.728 euros con cargo á anualidade 2008, 3.537.47 € en 2009, 5.306.185 euros con cargo a 2010 e os 7.074.914 euros restantes serán con cargo á anualidade 2011.

A Consellería de Vivenda e Solo elixiu as parcelas máis próximas ao centro da cidade de Lugo dentro do ámbito de Garabolos para a construción das 172 vivendas de promoción pública. Nese sentido, unha das parcelas está situada na Avenida da Coruña e a outra parcela na Avenida Flavio Máximo.

Destinatarios das vivendas

A previsión da Consellería de Vivenda e Solo é que as 172 vivendas sexan adxudicadas en réxime de aluguer, co obxectivo de dispoñer dun conxunto de vivenda protexida pública suficiente e permanente que ofertar ás rendas con máis dificultades.

Os destinatarios das 172 vivendas de promoción pública de Garabolos serán persoas ou unidades convivenciais cuns ingresos ponderados que non superen en 2,5 veces o Indicador Público de Efectos Múltiples (IPREM), é dicir, os 14.975 euros anuais.



GALICIA OCUPA TRAS FINLANDIA O SEGUNDO POSTO EN EQUIDADE DO SISTEMA EDUCATIVO EN RESULTADOS EN CIENCIAS SEGUNDO O INFORME PISA 2006

- *A nivel internacional, ocupa o segundo lugar no indicador de varianza, despois de Finlandia*
- *O alumnado galego ten unha puntuación de 505 puntos en rendemento medio en Ciencias, superando en 17 puntos á media española e situándose na media da OCDE*
- *Sitúase por riba do País Vasco, Cataluña e Andalucía, e presenta resultados similares a países como Bélxica, Irlanda, Suecia, Dinamarca e Francia*
- *Os centros galegos ofrecen unha ensinanza homoxénea, sen que existan grandes diferenzas entre eles, polo que o ensino en Galicia é altamente equitativo*
- *Galicia tamén ocupa unha posición superior á media no indicador de Excelencia e Equidade, xa que a diferenza de rendemento entre os alumnos é baixa en comparación coa doutros países de igual nivel socioeconómico*
- *Por primeira vez, a Comunidade galega ampliou mostra no Programa para a Avaliación Internacional (PISA), coordinado pola Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE)*

O Consello da Xunta coñeceu esta mañá un informe da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, sobre os resultados obtidos pola Comunidade galega no Programa para a Avaliación Internacional 2006 (PISA) da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE). Segundo se desprende deste estudo, Galicia é a primeira Comunidade Autónoma con menor variación nos resultados entre centros en Ciencias, tan só superada neste indicador por Finlandia. Seguen a Galicia, segunda no ránking internacional, as comunidades de Castela e León, Cantabria, Andalucía, A Rioxa e Aragón.

Segundo o informe transmitido pola conselleira, os centros galegos ofrecen unha ensinanza homoxénea, sen que existan grandes diferenzas entre eles, polo que o ensino en Galicia é altamente equitativo. Galicia tamén ocupa unha posición superior á media no indicador de Excelencia e Equidade, xa que a diferenza de rendemento entre os alumnos é baixa en comparación coa doutros países de igual nivel socioeconómico. A conselleira de Educación trasladou aos membros do Executivo galego o carácter integrador do sistema educativo autonómico, unha característica que se desprende dos resultados rexistrados polos centros da Comunidade neste informe internacional.



En canto ao rendemento medio acadado en Ciencias, o alumnado galego ten unha puntuación de 505 puntos, unha cifra que se atopa por riba da media española (488), e da dos países da OCDE (500).

Así mesmo, Galicia obtén uns resultados en Ciencias superiores aos que lle correspondería con relación ao PIB per cápita. Neste senso, Galicia acada un rendemento por riba da media, superior a País Vasco, Cataluña, Andalucía e á media de España. No ámbito internacional supera a países como Estados Unidos, Francia, Islandia e Suecia, todos eles cun PIB superior.

A OCDE tivo en conta tamén o rendemento en Ciencias en canto ao índice socioeconómico e cultural do alumnado. Así, a conselleira de Educación explicou no Consello da Xunta que Galicia rexistra un rendemento por riba do agardado en relación ao seu índice socioeconómico e cultural. A Comunidade galega obtivo neste indicador un resultado superior ao de países como Noruega, Dinamarca, Suecia, Estados Unidos e Islandia.

En canto ao rendemento en Lectura e Matemáticas, que tamén foron avaliadas, aínda que non centraron este informe, Galicia sitúase 18 puntos por riba da media española en rendemento medio en Lectura, e acadou 14 puntos máis que España en Matemáticas.

Por primeira vez, Galicia ampliou mostra e é avaliada a nivel internacional, mentres que nos anteriores PISA participaba no conxunto de España. O Programa para a Avaliación Internacional do Alumnado de 15 anos realízase por iniciativa e baixo a coordinación da OCDE. É unha avaliación non curricular de competencias básicas nas áreas de Ciencias, Matemáticas e Lectura. Ten carácter cíclico, trianual, e en cada edición afonda nunha destas áreas. No estudo de 2006 incide na competencia en Ciencias. O coñecemento científico avaliado inclúe Física, Química, Bioloxía e Ciencias da Terra. En Galicia participaron no PISA 1.573 alumnos procedentes de 53 centros.